



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de xuño de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e un de xuño de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(654).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria de 7 de xuño de 2018 e extraordinaria e urxente do 11 de xuño de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(655).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 5/2018). EXPTE. 11544/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/06/18, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

XGL relación 5/2018

Tiveron entrada na Asesoría Xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Providencia do 25 de xaneiro de 2018

Expediente nº 9464/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 548/2015

Obxecto: Resolución do TEA do 24/08/15 desestimatoria da reclamación formulada contra desestimación do r/r interposto contra providencia de apremio IBI 2014

Expte(s): 3876-550 // 26552-700

Contía: 89.275,27 €

Sentenza nº 118 do 21/03/2016 Desestimatoria, comunicada na XGL 22/04/2016

RECURSO APELACIÓN 15006/2017

TSXG, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECC. 4.^a

Sentenza N.º 270 do 7 de xuño de 2017.

Desestimatoria

CASACIÓN 4453/2017

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, secc 1^a

Providencia do 25/01/2018 que inadmite o recurso da Tesourería Xeral da Seguridade Social contra a sentenza nº 270/2017.

A Administración de Ingresos-IBI, o TEA do Concello de Vigo e a Tesourería-Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

2.- Sentenza nº 89 do 31 de maio de 2018

Expediente nº 10519/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 136/2017

Obxecto: Resolución do 2-3-2017 que desestima reclamación RPA por accidente moto na R/Eduardo Cabello

Expte(s): 4933-243

Contía: 287,03 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

3.- Sentenza nº 283 do 4 de xuño de 2018
Expediente nº 11060/111
Xulgado do Social nº 2 de VIGO
Sanción: 964/2017
Obxecto: Dúas sancións disciplinarias graves
Expte(s): 7723/612

Esta sentenza resolveuse estimando a demanda, e revogando a sanción que se lle impuxera ao traballador por mor da falta de proba que na sentenza se considera insuficiente, a pesares de que a normativa de aplicación esixe a tramitación dun expediente. A tramitación do mesmo sen reprodución do practicado de novo na vía xudicial semella o motivo de estimación da demanda.

Os Servizos de Medioambiente e Recursos Humanos deben coñecer do resolto.

4.- Sentenza nº 105 do 29 de maio de 2018
Expediente nº 11078/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 386/2017
Obxecto: Resolución ditada o 16/05/2017 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos no edificio.
Expte(s): 5119/243

Esta sentenza que é firme, e non é posible apelar, condena ao Concello ao pagamento da cantidade de 726 euros de indemnización máis os xuros legais, máis á reparación da causa dos danos, no prazo de tres meses dende a notificación da sentenza. Impoñendo as custas por valor de 300 euros.

Na resolución se considera ao Concello responsable dos danos causados polas filtracións de auga e humidades no edificio da Comunidade de Propietarios demandante.
Responsabilidade patrimonial-danos debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

5.- Sentenza nº 129 do 4 de xuño de 2018
Expediente nº 11184/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 417/2017
Obxecto: Acordo XGL ditado o 28/09/2017 sobre reclamación para declarar como funcionarios interinos con carácter indefinido con cargo a praza vacante.
Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

6.- Sentenza nº 142 do 11 de xuño de 2018
Expediente nº 11200/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 439/2017
Obxecto: Desestimación reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia da humanización da rúa.
Expte(s): 4974-243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

7.- Sentenza nº 108 do 4 de xuño de 2018
Expediente nº 11230/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 21/2018
Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.
Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

8.- Sentenza nº 123 do 4 de xuño de 2018
Expediente nº 11238/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 22/2018
Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.
Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso.
O departamento de persoal debe coñecer o resolto.

9.- Sentenza nº 131 do 4 de xuño de 2018
Expediente nº 11242/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 20/2018
Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.
Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

10.- Sentenza nº 124 do 4 de xuño de 2018
Expediente nº 11243/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 25/2018
Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.
Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, non firme, desestima integramente o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

11.- Sentenza nº 109 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11244/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 23/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

12.- Sentenza nº 132 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11245/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 27/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

13.- Sentenza nº 133 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11246/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 30/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

14.- Sentenza nº 116 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11251/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 19/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

15.- Sentenza nº 120 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11255/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 24/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Sentenza non firme, desestima o recurso

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

16.- Sentenza nº 113 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11256/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 18/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

17.- Sentenza nº 115 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11257/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 26/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

18.- Sentenza nº 114 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11258/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 28/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

19.- Sentenza nº 117 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11262/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 29/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 05/10/2017, que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30623/220

Sentenza non firme, desestimatoria do recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

20.- Sentenza nº 71 do 21 de maio de 2018

Expediente nº 11302/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 105/2018

Obxecto: Oferta de Emprego Público de 2017 na parte correspondente ás prazas de persoal laboral na categoría de Axudantes Mantemento.

Expte(s): 29567/220

Contía: (Indeterminada) 18,00 €

Esta sentenza, que non é firme e fronte á que se pode interpoñer recurso de apelación, desestima o recurso e declara a conformidade a dereito da resolución da XGL de aprobación da OPE 2017.

Os recorrentes só impugnaban a OPE no tocante ás prazas de persoal laboral de axudantes de mantemento.

A sentenza desestima tódolos motivos alegados (aprobación extemporánea da OPE, falta de negociación colectiva, inclusión dun número de prazas equivalente ao de indefinidos non fixos para regularizar).

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

21.- Sentenza nº 126 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11303/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 82/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618-220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

22.- Sentenza nº 125 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11307/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 65/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

23.- Sentenza nº 103 do 29 de maio de 2018

Expediente nº 11308/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 85/2018

Obxecto: Resolución ditada o 13/12/2017 desestimatoria sobre reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas sufridas no vehículo.

Expte(s): 5023/243

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso interposto e considera a falta de proba como elemento determinante da inexistencia de responsabilidade municipal.

A proba aportada, de entre a que destaca o video onde se observa á demandante non respectar a luz vermella, e que a pirona do sistema de acceso ao casco vello se elevase e provocase danos no vehículo, foi determinante para esta apreciación do Xulgador.

Responsabilidade patrimonial-danos debe coñecer do resolto.

24.- Sentenza nº 130 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11313/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 70/2018

Obxecto: Acordo ditado pola XGL de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

25.- Sentenza nº 104 do 29 de maio de 2018

Expediente nº 11314/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 44/2018

Obxecto: Desestimación da reclamación económico-administrativa ditada polo TEA o 21/11/2017 contra liquidación nº 1477.17.2. en relación ao IVTU.

Expte(s): 4441/550 e 34172/514

Esta sentenza, que é firme por contía, estima o recurso sen imposición de custas e condena anulando o acto impugnado (resolución do TEA que desestima a reclamación fronte á autoliquidación no imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana).

A sentenza resolve consonte aos últimos pronunciamentos sobre esta materia que se están a producir en diferentes TSX, con criterios semellantes en tódolos casos.

O Tribunal Económico Administrativo e Administración de Tributos deben coñecer do resolto.

26.- Sentenza nº 87 do 29 de maio de 2018

Expediente nº 11318/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 118/2018

Obxecto: Resolución de data 28/12/2017 pola que se estima parcialmente o recurso de reposición contra outra, sobre recoñecemento de pagamento de facturas con dedución económica por incumprimentos na prestación do servizo.

Expte(s): 9845/446

Contía: 26,79 €



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Montes, Parques e Xardíns deben coñecer o resolto.

27.- Sentenza nº 68 do 21 de maio de 2018

Expediente nº 11319/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 96/2018

Obxecto: Oferta de Emprego Público de 2017 na parte correspondente a praza de Técnico Superior de Actividades Culturais e Educativas de funcionario de carreira.

Expte(s): 29567/220

Contía: (Indeterminada) 18,00 €

Esta sentenza resolve desestimando o recurso da demandante, persoal laboral temporal declarado indefinido non fixo, non sendo firme, e susceptible de recurso de apelación perante o TSXG.

Únicamente se impugnaba a OPE 2017 no relativo á praza de técnico superior de actividades culturais e educativas.

O recurso se desestima con relación a cada unha das alegacións (prazo de aprobación da OPE 2017, falta de negociación colectiva, etc.). Considera que o único modo de regularizar ao persoal que se atopa na mesma situación que a demandante é coa execución da oferta, cunha argumentación que segue a mesma liña que a de outros órganos xurisdiccionais dos que cita resolucións semellantes.

Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

28.- Sentenza nº 70 do 21 de maio de 2018

Expediente nº 11321/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 106/2018

Obxecto: Oferta de Emprego Público de 2017 na parte correspondente ás prazas de Axudantes Mantemento, Oficial de Instalacións e Oficial de Mantemento como persoal laboral.

Expte(s): 29567/220

Contía: (Indeterminada) 18,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso dos demandantes. Impugnaban o acordo da XGL que aproba a OPE 2017, unicamente na parte correspondente ás prazas de persoal laboral das categorías de axudantes de mantemento, oficial de instalacións e oficial de mantemento.

Se desestiman todos os motivos de impugnación (falta de negociación colectiva, prazo de aprobación da OPE, inclusión de prazas na OPE...). Cítanse resolucións xurisdiccionais de tipo semellante para concluir que o acordo municipal se axusta a dereito.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

29.- Sentenza nº 138 do 11 de xuño de 2018

Expediente nº 11324/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 115/2018

Obxecto: Resolución de data 28/12/2017 pola que se estima parcialmente o recurso de reposición contra outra, sobre recoñecemento de pagamento de facturas do mes de setembro con dedución económica por incumprimentos na prestación do servizo.

Expte(s): 9873/446

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Parques e Xardíns (e o de Contratación) deben coñecer o resolto.

30.- Sentenza nº 112 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11347/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 78/2018

Obxecto: Resolución X.G.L. ditada o 28/09/2017 que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

31.- Sentenza nº 69 do 21 de maio de 2018

Expediente nº 11371/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 101/2018

Obxecto: Resolución de 15/12/2017 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos como consecuencia de caída na rúa Álvaro Cunqueiro.

Expte(s): 5244/243

Contía: 8.845,65 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso plantexado pola actora contra a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos por mor dunha caída na Rúa Álvaro Cunqueiro.

Aprécia a inexistencia de nexo causal entre o servizo público de mantemento dos viais públicos e as lesións sufridas pola demandante. unha dilixencia media evitaría o dano.

O departamento de Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

32.- Sentenza nº 76 do 29 de maio de 2018

Expediente nº 11382/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 126/2018

Obxecto: Resolución sancionadora ditada o 12/01/2018, Sanción tráfico (denuncia do 28/09/2015)

Expte(s): 168686538

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción (por prescrición -6 mese- da infracción) con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto.



Concello de Vigo

33.- Sentenza nº 84 do 29 de maio de 2018

Expediente nº 11384/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 116/2018

Obxecto: Resolución de data 28/12/2017 pola que se estima parcialmente o recurso de reposición contra outra, sobre recoñecemento de pagamento de facturas do mes de xullo con dedución económica por incumprimentos na prestación do servizo.

Expte(s): 9843-446

Contía: 23.383,13 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Montes, Parques e Xardíns debe coñecer o resolto.

34.- Sentenza nº 119 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11390/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 84/2018

Obxecto: Resolución XGL ditada o 28/09/2017 que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30618/220

Sentenza non firme, desestimatoria.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

35.- Sentenza nº 111 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11391/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 76/2018

Obxecto: Acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

36.- Sentenza nº 286 do 6 de xuño de 2018

Expediente nº 11393/111

Xulgado do Social nº 2 de VIGO

Seguridade social: 159/2018

Obxecto: Recoñecemento de que a situación de incapacidade temporal é derivada dun accidente laboral.

A sentenza que se está a comunicar desestima a demanda do empregado municipal, e ratifica a consideración da incapacidade temporal do demandante como enfermidade común, no canto de tratarse dunha incapacidade temporal derivada de accidente de traballo. Se absolve á Mutua, Tesourería da Seguridade Social, INSS, e Concello de Vigo.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto.

37.- Sentenza nº 118 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11404/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 79/2018

Obxecto: Resolución XGL ditada o 28/09/17 que desestima as solicitudes de indemnización por cese.

Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso.

O departamento de persoal debe coñecer o resolto.

38.- Auto nº 38 do 30 de maio de 2018

Expediente nº 11438/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 162/2018

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia do impacto dun vehículo cunha tapa de alcantarillado.

Expte(s): 5229/243

Declara rematado o procedemento por desistimento da demandante.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto (satisfacción extraprocesual pola concesionaria do servizo).

39.- Decreto nº 14 do 24 de maio de 2018

Expediente nº 11443/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 161/2018

Obxecto: Resolución do 31/01/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra que acordou desestimar reclamación de responsabilidade patrimonial tramitada por danos e prexuízos derivados dunha caída na rúa Travesía de Vigo.

Expte(s): 5156/243

Acepta o desistimento da demandante.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

40.- Sentenza nº 107 do 4 de xuño de 2018

Expediente nº 11447/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 81/2018

Obxecto: Acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618-220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

41.- Sentenza nº 106 do 4 de maio de 2018

Expediente nº 11450/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 83/2018

Obxecto: Acordo ditado pola X.G.L. de data 28/09/2017, que desestima as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido.

Expte(s): 30618/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

42.- Sentenza nº 80 do 29 de maio de 2018

Expediente nº 11455/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 139/2018

Obxecto: Resolución do 12/01/2018 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 27/10/2017 que impón sanción de 200 euros.

Expte(s): 178652833

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición

ción social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(656).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN AMIGOS DOS MAIORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AFECTIVO A PERSOAS MAIORES EN VIGO-ANO 2018. EXPTE.154476/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/05/18 e o informe de fiscalización do 07/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 04/05/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A Fundación «Amigos dos Maiores» é unha organización sen ánimo de lucro que ten como fins principais contribuír ó benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padecen unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén a promoción e formación do voluntariado.

I.2. Na nosa cidade, conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se sinten soas e traballa de xeito coordinado co Concello de Vigo a través dos “Coidadores de Barrio”, cos Centros de Saúde de Vigo e coas Residencias da Terceira Idade do Meixoeiro, Vigo I e Vigo II, desde onde se realizan derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou aillamento social.



Concello de Vigo

I.3. O obxectivo xeral do Convenio que se pretende formalizar agora entre a Concellería de Política Social e a Fundación «Amigos dos Maiores» é o desenvolvemento dun programa de acompañamento afectivo e relacional para as persoas maiores en Vigo no ano 2018, para contribuir ó benestar daquelas que estean en situación de aillamento e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

I.4. Como obxectivos específicos establécense:

- a) Ofrecer apoio afectivo ás persoas maiores que sofren de soidade mediante o acompañamento domiciliario dun voluntario unha vez á semana.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado e colectivo en residencias a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- c) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

I.5. O Programa inclúe diversas actividades de acompañamento a domicilio e en residencias e de ocio inlusivo (saídas, encontros, excursións adaptadas, participación en festas tradicionais, etc.).

I.6. A Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda a Domicilio” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do Programa de “Avelentamento activo”, etc.

I.7. Este convenio estará VIXENTE durante o ano 2018 cun orzamento total de 20.000 € (aplicación nº 2310.480.00.07 – *Convenio Asociación Maiores de Vigo*).

I.8. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

I.9. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.10. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lu-

crativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio.

De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

I.11. En relación coa Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Fundación «Amigos dos Maiores» (CIF G-83625509), por importe de 20.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.07 -*Convenio Asociación Maiores de Vigo*– do orzamento vixente.

SEGUNDO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN AMIGOS DOS MAIORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AFECTIVO A PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANO 2018» e o gasto que representa, por importe de 20.000€, que financiarase con cargo a aquela aplicación orzamentaria.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *“convocatoria instrumental”* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión». Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN AMIGOS DOS MAIORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AFECTIVO A PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANO 2018».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. Mercedes Villegas Beguiristain, con DNI nº 05661888-R, Directora da Fundación «Amigos dos Maiores», CIF nº G-83625509, con domicilio na rúa Embajadores nº 206, duplicado, 1^o – Porta C, CP 28045 de Madrid e enderezo para os efectos de notificación na rúa Ferrería nº 33, baixo, CP 36202 de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. Mercedes Villegas Beguiristain, actuando en representación da Fundación «Amigos dos Maiores», segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Fundación «Amigos dos Maiores» é unha organización sen ánimo de lucro de nacionalidade española con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins que ten como fins principais contribuír ó benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padezan unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén a promoción e formación do voluntariado.

A Fundación «Amigos de los Mayores» naceu en 2003 en Madrid, inspirada na organización internacional “Les petits frères des Pauvres” que xurde en París, en 1946, a finais da II Guerra Mundial. Co tempo, estendeuse a outros países como Marrocos, Estados Unidos, Canadá, Irlanda, México, España, Alemaña, Polonia, Suíza e Rumanía.

«Amigos dos Maiores» nace en Vigo en 2016 como continuación do traballo realizado pola Fundación na Comunidade de Madrid.

Na nosa cidade, conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se sinten soas e traballa de xeito coordinado co Concello de Vigo a través dos “Coidadores de Barrio”, cos Centros de Saúde de Vigo e coas Residencias da Terceira Idade do Meixoeiro, Vigo I e Vigo II, desde onde se realizan derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou aillamento social.

Foi inscrita no “Registro de Fundaciones de la Comunidad de Madrid”, ó tomo LVII, folio 1-44, folla persoal 348, con data 17.06.2003.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda a Domicilio” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do Programa de “Avellentamento activo”, etc.

III.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde



Concello de Vigo

e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Fundación «Amigos dos Maiores» para o desenvolvemento dun programa de acompañamento afectivo e relacional para as persoas maiores no ano 2018.

SEGUNDA.- O obxectivo xeral deste programa é o de contribuir ó benestar das persoas maiores en Vigo, preferentemente daquelas que estean en situación de aillamento e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Ofrecer apoio afectivo ás persoas maiores que sofren de soidade mediante o acompañamento domiciliario dun voluntario unha vez á semana.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado e colectivo en residencias a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- c) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

O Programa inclúe as seguintes actividades:

- Acompañamento a domicilio: consiste nunha visita semanal dun/unha voluntario/a a unha persona maior que vive e/ou se sente soa.
- Acompañamento en residencias: o obxectivo é aliviar a soidade e as situacións de aillamento social das persoas maiores que viven en centros residenciais e que, por diferentes motivos, teñen un contacto limitado co exterior e/ou coa súa rede social ou familiar.
- Ocio inclusivo: as persoas maiores gozarán de oportunidades de relación e entretemento a través da asistencia a actividades regulares como saídas, encontros ou excursións adaptadas dun día, así como a participación en grandes actos de celebración de festas tradicionais.
 - Encontros no barrio: é unha actividade organizada por zonas na que un grupo de maiores, acompañados/as polos seus voluntarios/as, reúnenese para compartir unhas horas en grupo nalgún lugar próximo ó seu domicilio.
 - Saídas culturais e obradoiros: saídas ou obradoiros dun día, que contribúen á socialización e a proporcionar tempo de lecer e diversión para as persoas maiores e os voluntarios/as que lles acompañan.
 - Actos/festas tradicionais: dúas veces ó ano invítase a todas as persoas maiores e voluntarios/as da organización a participar en eventos onde poidan compartir experiencias e vivencias nun contorno lúdico e festivo e fortalecer as relacións entre eles. Trátase de festas interxeneracionais nas que se celebra a chegada do verán e o Nadal.

TERCEIRA.- A Fundación «Amigos dos Maiores» comprométese tamén a:

- Someterse á normativa vixente en cada momento na materias propias da súa actividade e que afecten tanto ás persoas maiores beneficiarias do Programa como ó seu persoal, contratado ou voluntario, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.



Concello de Vigo

- Ofrecer o Programa de acompañamento afectivo ás persoas maiores derivadas polos servizos sociais municipais, de acordo cos protocolos de derivación aplicables.
- Manter unha axeitada coordinación coas traballadoras sociais de Benestar social e coa responsable técnica municipal do Programa.
- Cumprir os demais compromisos contidos no proxecto presentado pola Fundación, que consta no Exp. nº 154476/301.

CUARTA.- O Programa levarase a cabo durante o ano 2018. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á Fundación «Amigos dos Maiores» unha subvención por importe de 20.000 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº: 2310.480.00.07 – *Convenio Asociación Maiores de Vigo*).

Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- 1) Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- 2) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do ano 2018, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do Programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SEXTA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous/dúas representantes da Fundación «Amigos dos Maiores» e dous/dúas técnicos/as municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 01 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.



Concello de Vigo

- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA deste convenio, que será o 2018.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título

IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- A Fundación «Amigos dos Maiores» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(657).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN, FONTES E TÚNELES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40873/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/05/18 e o informe de fiscalización do 14/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/18, asinado pola enxeñeira técnica industrial dos Servizos Enerxéticos, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, a xefa do servizo de Contratación, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 21 xullo de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do concello de Vigo, os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas particulares, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 19 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a DIGAMEL, S.A. o lote 1 “Soportes e accesorios”, lote 2 “Luminarias e os seus accesorios” e lote 3 “Material electromecánico diverso e condutores” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) por un prezo total por lote de 30.000 euros, 45.000 euros e 75.000 euros, respectivamente; en total 150.000 euros sendo a cota correspondente ao IVE de 26.033,06 euros e coas seguintes baixas sobre os prezos unitarios:

- a) Propón unha baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 1 relacionados no Anexo do PPT.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 1 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*
- c) Propón como baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 2 relacionados no Anexo do PPT.*
- d) Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 2 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*
- e) Propón como baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 3 relacionados no Anexo do PPT.*
- f) Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 3 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- En data 14 de febreiro de 2018 a Enxeñeira Técnica Industrial/ Responsable do contrato de subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo informa que:

“Os pasados días 15 e 16 de outubro de 2017, se sucederon numerosos incendios forestais que afectaron principalmente ás zonas rurais do Concello de Vigo. Como consecuencia deste feito, as instalacións de iluminación pública se viron gravemente afectadas, especialmente nas parroquias de Matamá, Coruxo, Comesaña e Valladares.

Nunha primeira actuación se procedeu á reparación urxente e posta en funcionamento de xeito provisional das instalacións apagadas afectadas polos incendios, quedando unicamente parte da subida ao Monte Alba sen luz.

Posteriormente realizouse unha revisión exhaustiva de cada centro de mando afectado polos incendios con revisión de liñas, luminarias, soportes, caixas, etc.

A partir desta revisión se elaborou un listado dos materiais á substituír coa valoración económica dos mesmos.

Tendo en conta o imprevisto dos incendios acaecidos e a gravidade do deterioro sufrido nas instalacións de iluminación pública e, por outra banda, que tanto en cantidade de materiais

como en importe económico o subministro excede ás previsións feitas no contrato de subministro de material eléctrico, que se fixeron baseadas nos traballos ordinarios do mantemento das instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo, considérase necesaria a modificación do citado contrato para poder cubrir as necesidades de subministro das reparacións que se teñen que levar a cabo para poder restablecer á normalidade o servizo público.”

Cuarto.- En sesión do 9 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno Local acordou “autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato de subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo”.

Quinto.- En data 22 de marzo de 2018 a Enxeñeira Técnica Industrial/ Responsable do contrato, emite informe técnico no que indican entre outros:

“Tras a análise das afeccións provocadas polo incendios, conclúese que son necesarias a substitución dos elementos afectados polos mesmos nestas instalacións como: luminarias, postes, cableado eléctrico, cadros de iluminación e outro material como caixas de conexión, pinzas, proteccións, conectores, etc.

O importe do subministro destes elementos ascende á cantidade de 29.724,52 €. Repartidos nos tres lotes correspondentes ao Contrato de subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do concello de Vigo, son:

- *Lote 1 : 5.982,36 € en soportes e accesorios.*
- *Lote 2: 8.875,71 € en luminarias e os seus accesorios.*
- *Lote 3: 14.866,45 € en material electromecánico diverso e condutores.*

Os presupostos de cada un dos tres lotes, foron confeccionados cos prezos que figuran nos Anexo I.1, I.2 e I.3 do P.P.T.P. Para os prezos unitarios que non figuran nos anexos, os valores se obtiveron dos prezos do fabricante con un desconto do 2%, que corresponde coa oferta do adxudicatario nestes casos.

O listado de material e prezos, se detalla no Anexo I do presente informe..

CONCLUSIÓNS:

As causas do incremento dos compoñentes das instalacións de iluminación pública, propostas no presente expediente, se corresponden coas circunstancias que determinan a modificación do contrato, recollidas no Anexo I das Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.c): “O deterioro das infraestruturas cuxa reparación provoque cas



Concello de Vigo

necesidades de subministro sexan maiores ou inferiores co importe previsto para a anualidade de cada un dos tres lotes”.

E que o incremento das operacións para a presente anualidade, ascende ás cantidades de 5.982,36 € para o lote 1, 8.875,71 € para o lote 2 e 14.866,45 € para o lote 3, próximas aos límites da modificación fixados no punto 16.d) das F.E.C. do 20% do valor total do contrato en cada un dos tres lotes (lote 1: 30.000,00 € , lote 2: 45.000 € e lote 3: 75.000 €).

De conformidade co establecido no Art. 234 do T.R.L.C.S.P., foi concedido trámite de audiencia ao contratista. Obra no expediente a súa conformidade á modificación que agora se propoñe respecto ao incremento dos materiais a subministrar”.

Sexto.- En data 20 de marzo de 2018, a empresa adxudicataria, en trámite de audiencia, á vista do informe mencionado no antecedente anterior, manifesta a súa conformidade á modificación do contrato.

ANEXO I: Listado de materiais e valoración dos mesmo

LOTE 1 - SOPORTES E ACCESORIOS			Prezos SEN IVE	Expdte.: 40873/444	
CANTIDADE	DESCRIPCIÓN	PREZO UNITARIO €	Prezo con desconto 2%	Cantidades pedido	TOTAL
Ud.	Conector P-25	2	1,96	80,00	156,80 €
Ud.	Gancho GSP-1 Cahors ou similar	2	1,96	30,00	58,80 €
Ud.	Gancho GSP-B cahors ou similar	3	2,94	30,00	88,20 €
Ud.	Pinza Cahors M-25 ou similar	6	5,88	30,00	176,40 €
Ud.	Pinza Niled DN-54 ou similar	12	11,76	30,00	352,80 €
Ud.	Poste Poliester 9/250	640 (*)	627,2	3,00	1.881,60 €
Ud.	Postes de formigón 9/250	185 (*)	181,3	5,00	906,50 €
Ud.	Postes de formigón 11/400	270	264,6	5,00	1.323,00 €
				TOTAL SEN IVE	4.944,10 €
				IVE (21%)	1.038,26 €
				TOTAL CON IVE (21%)	5.982,36 €

LOTE 2 - LUMINARIAS E OS SEUS ACCESORIOS			Prezos SEN IVE	Expdte.: 40873/444	
CANTIDADE	DESCRIPCIÓN	PREZO UNITARIO €	Prezo con desconto 2%	Cantidades pedido	TOTAL
Ud.	Luminaria Carandini STR-154 VSAP 70 W con lámpara,RAL a elixir ou similar	145 (*)	142,1	5,00	710,50 €
Ud.	Luminaria Moonoff modelo Tesla STx0046 LED 20 W ou similar	169 (*)	165,62	40,00	6.624,80 €

TOTAL SEN IVE **7.335,30 €**

IVE (21%) 1.540,41 €

TOTAL CON IVE (21%) 8.875,71 €

LOTE 3 - MATERIAL ELECTROMECÁNICO DIVERSO e CONDUCTORES			Prezos SEN IVE	Expdte.: 40873/444	
CANTIDADE	DESCRIPCIÓN	PREZO UNITARIO €	Prezo con desconto 2% e prezo actualizado cable	Cantidades pedido	TOTAL
Ud.	Cajas Claved 1468 E M-C	7,5	7,35	200,00	1.470,00 €
Ud.	Contactador 4x40 A 230 V NA 50/60 Hz AC	60	58,8	5,00	294,00 €
Ud.	Interruptor automático magnetotérmico 1P+1N 10 A Curva C 6kA	16	15,68	5	78,40 €
Ud.	Interruptor diferencial 2x25 30 mA	50	49	5	245,00 €
Ud.	Interruptor diferencial 4x40 300 mA	74	72,52	5	362,60 €
Ud.	Reloxo astronómico Orbis Astro Nova City ou similar	155	151,9	5,00	759,50 €
Ml.	Cable RZ 0,6/1 KV AL 4x16 mm ² (***) (I273)	1,20*(I273/121,313)	1,19180	1.500,00	1.787,70 €
Ml.	Cable RZ 0,6/1 KV CU 2x6 mm ² (***) (I273)	1,12*(I273/121,313)	1,11235	1.500,00	1.668,52 €
Ml.	Cable RZ 0,6/1 KV AL 2x16 mm ²	0,60	0,59	1.000,00	588,00 €
Ml.	Cable trenzado RZ 0,6/1 KV AL 3x50+54,6 mm ²	3,57	3,5	500,00	1.749,30 €
Ud.	Fusible 22x58 63A gG 500V AC C/I	1,00	0,98	20,00	19,60 €
Ud.	Fusible 22x58 80A	2,50	2,45	10,00	24,50 €
Ml.	Tubo neutro 22x58	0,65	0,64	20,00	12,74 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA 21	0,70	0,69	25,00	17,15 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA 29	1,00	0,98	25,00	24,50 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA 36	1,30	1,27	25,00	31,85 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA16	0,55	0,54	25,00	13,48 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG16	0,35	0,34	10,00	3,43 €
Ud.	Contratuera plástica PG16	0,12	0,12	10,00	1,18 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG21	0,48	0,47	10,00	4,70 €
Ud.	Contratuera plástica PG21	0,2	0,2	10,00	1,96 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG29	0,9	0,88	10,00	8,82 €
Ud.	Contratuera plástica PG29	0,3	0,29	10,00	2,94 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG36	1,25	1,23	10,00	12,25 €
Ud.	Contratuera plástica PG36	0,5	0,49	10,00	4,90 €
Ud.	Borne de terra WPE 35 A/V	5,75	5,64	25,00	140,88 €
Ud.	CPM1 SUMINIST. TRI. UF-EDE-L 15 KW	99	97,02	5,00	485,10 €
Ud.	CGP-NHC-7 250 2 M10	85	83,3	5,00	416,50 €
Ud.	Interruptor automático magnetotérmico 3P+1N 20 A Curva C	32	31,36	5,00	156,80 €
Ud.	Interruptor automático magnetotérmico 3P+1N 16 A Curva C	30	29,4	5,00	147,00 €
Ud.	EDE CNAP-573T(1T UF<15)+573	350	343	5,00	1.715,00 €
Ud.	Abrazadeira L d 25mm ACE. 925L	0,14	0,13	50,00	6,66 €
Ud.	Abrazadeira L d 32mm ACE. 932L	0,16	0,16	50,00	7,84 €



Concello de Vigo

Ud.	Abrazadeira L d 40mm ACE. 940L	0,22	0,22	50,00	10,78 €
Ud.	Abrazadeira L d 40mm ACE. ZINC 950L	0,26	0,25	50,00	12,74 €

TOTAL SEN IVE 12.286,32 €

IVE (21%) 2.580,13 €

TOTAL CON IVE (21%) 14.866,45 €

273 Fabricación de cables y dispositivos de cableado	CONTRATO
2017M11	2017M01
122,94	121,31

II.- Fundamentos xurídicos

Primeiro.- Polo que respecta á lexislación aplicable, en base ao segundo apartado da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior. É dicir polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Segundo.- En canto ás modificacións propostas, a lexislación de contratos establece que os contratos do sector público poderán modificarse sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertira expresamente desta posibilidade e se detallara de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que se poderá facer uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso (artigos 106 TRLCSP), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

Terceiro.- Tendo en conta o anterior, para o caso que nos ocupa, recóllese a posibilidade de levar a cabo unha modificación do contrato no Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de xullo de 2017, en relación co apartado 16 das FEC do PCAP do contrato. As circunstancias en que se poderá realizar a modificación son as seguen:

- Aspectos a modificar: o incremento dos materiais a subministrar que implique un incremento do prezo por enriba do previsto para cada lote.
- Circunstancias que determinan a modificación: O deterioro das infraestruturas cuxa reparación provoque cas necesidades de subministro sexan maiores ou inferiores co importe previsto para a anualidade de cada un dos tres lotes.
- Límites da modificación: 20% para cada un dos tres lotes.

Cuarto.- No referente ao procedemento a seguir para a modificación do contrato, este atópase regulado con carácter xeral no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Os tramites a seguir no presente contrato serían:

1. Audiencia ao contratista (artigo 211.1 do TRLCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigos 211.2 e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP; ademais dos artigos 114.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

3. Fiscalización da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP; ademais dos artigos 114.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

Quinto.- Una vez informada a presente proposta por pola Asesoría Xurídica e a Intervención Xeral, procederase a elevala para a súa aprobación ao órgano de contratación que, no caso dos municipios de gran poboación é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda parágrafo 3º do TRLCSP).

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do concello de Vigo incrementando as operacións para a presente anualidade nas seguintes cantidades:

- 5.982,36 € para o lote 1.

- 8.875,71 € para o lote 2.

- 14.866,45 € para o lote 3.

As devanditas cantidades foron calculadas utilizando os prezos unitarios das táboas seguintes:



Concello de Vigo

LOTE 1 - SOPORTES E ACCESORIOS			Prezos SEN IVE	Expdte.: 40873/444	
CANTIDADE	DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO €	Prezo con des- conto 2%	Cantidades pedido	TOTAL
Ud.	Conector P-25	2	1,96	80,00	156,80 €
Ud.	Gancho GSP-1 Cahors ou si- milar	2	1,96	30,00	58,80 €
Ud.	Gancho GSP-B cahors ou si- milar	3	2,94	30,00	88,20 €
Ud.	Pinza Cahors M-25 ou similar	6	5,88	30,00	176,40 €
Ud.	Pinza Niled DN-54 ou similar	12	11,76	30,00	352,80 €
Ud.	Poste Poliester 9/250	640 (*)	627,2	3,00	1.881,60 €
Ud.	Postes de formigón 9/250	185 (*)	181,3	5,00	906,50 €
Ud.	Postes de formigón 11/400	270	264,6	5,00	1.323,00 €
				TOTAL SEN IVE	4.944,10 €
				IVE (21%)	1.038,26 €
				TOTAL CON IVE (21%)	5.982,36 €

LOTE 2 - LUMINARIAS E OS SEUS ACCESORIOS			Prezos SEN IVE	Expdte.: 40873/444	
CANTIDADE	DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO €	Prezo con des- conto 2%	Cantidades pedi- do	TOTAL
Ud.	Luminaria Carandini STR-154 VSAP 70 W con lámpara,RAL a eli- xir ou similar	145 (*)	142,1	5,00	710,50 €
Ud.	Luminaria Moonoff modelo Tesla STx0046 LED 20 W ou similar	169 (*)	165,62	40,00	6.624,80 €
				TOTAL SEN IVE	7.335,30 €
				IVE (21%)	1.540,41 €
				TOTAL CON IVE (21%)	8.875,71 €

LOTE 3 - MATERIAL ELECTROMECAÁNICO DIVERSO e CONDUTO- RES	Prezos SEN IVE	Expdte.: 40873/444
--	----------------	--------------------

CANTIDADE	DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO €	Prezo con desconto 2% e prezo actualizado cable	Cantidades pedido	TOTAL
Ud.	Cajas Claved 1468 E M-C	7,5	7,35	200,00	1.470,00 €
Ud.	Contactora 4x40 A 230 V NA 50/60 Hz AC	60	58,8	5,00	294,00 €
Ud.	Interruptor automático magnetotérmico 1P+1N 10 A Curva C 6kA	16	15,68	5	78,40 €
Ud.	Interruptor diferencial 2x25 30 mA	50	49	5	245,00 €
Ud.	Interruptor diferencial 4x40 300 mA	74	72,52	5	362,60 €
Ud.	Reloxo astronómico Orbis Astro Nova City ou similar	155	151,9	5,00	759,50 €
Ml.	Cable RZ 0,6/1 KV AL 4x16 mm ² (***) (I273)	1,20*(I273/121,313)	1,19180	1.500,00	1.787,70 €
Ml.	Cable RZ 0,6/1 KV CU 2x6 mm ² (***) (I273)	1,12*(I273/121,313)	1,11235	1.500,00	1.668,52 €
Ml.	Cable RZ 0,6/1 KV AL 2x16 mm ²	0,60	0,59	1.000,00	588,00 €
Ml.	Cable trenzado RZ 0,6/1 KV AL 3x50+54,6 mm ²	3,57	3,5	500,00	1.749,30 €
Ud.	Fusible 22x58 63A gG 500V AC C/I	1,00	0,98	20,00	19,60 €
Ud.	Fusible 22x58 80A	2,50	2,45	10,00	24,50 €
Ml.	Tubo neutro 22x58	0,65	0,64	20,00	12,74 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA 21	0,70	0,69	25,00	17,15 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA 29	1,00	0,98	25,00	24,50 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA 36	1,30	1,27	25,00	31,85 €
Ml.	Tubo flexible plástico TFA16	0,55	0,54	25,00	13,48 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG16	0,35	0,34	10,00	3,43 €
Ud.	Contratuera plástica PG16	0,12	0,12	10,00	1,18 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG21	0,48	0,47	10,00	4,70 €
Ud.	Contratuera plástica PG21	0,2	0,2	10,00	1,96 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG29	0,9	0,88	10,00	8,82 €
Ud.	Contratuera plástica PG29	0,3	0,29	10,00	2,94 €
Ud.	Racor Plástico HELIFIX PG36	1,25	1,23	10,00	12,25 €
Ud.	Contratuera plástica PG36	0,5	0,49	10,00	4,90 €
Ud.	Borne de terra WPE 35 A/V	5,75	5,64	25,00	140,88 €
Ud.	CPM1 SUMINIST. TRI. UF-EDE-L 15 KW	99	97,02	5,00	485,10 €
Ud.	CGP-NHC-7 250 2 M10	85	83,3	5,00	416,50 €
Ud.	Interruptor automático magnetotérmico 3P+1N 20 A Curva C	32	31,36	5,00	156,80 €
Ud.	Interruptor automático magnetotérmico 3P+1N 16 A Curva C	30	29,4	5,00	147,00 €



Concello de Vigo

Ud.	EDE CNAP-573T(1T UF<15)+573	350	343	5,00	1.715,00 €
Ud.	Abrazadeira L d 25mm ACE. 925L	0,14	0,13	50,00	6,66 €
Ud.	Abrazadeira L d 32mm ACE. 932L	0,16	0,16	50,00	7,84 €
Ud.	Abrazadeira L d 40mm ACE. 940L	0,22	0,22	50,00	10,78 €
Ud.	Abrazadeira L d 40mm ACE. ZINC 950L	0,26	0,25	50,00	12,74 €

TOTAL SEN IVE 12.286,32 €

IVE (21%) 2.580,13 €

273 Fabricación de cables y dispositivos de cableado	CONTRATO
2017M11	2017M01
122,94	121,31

TOTAL CON IVE (21%) 14.866,45 €

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputarase a aplicación orzamentaria 1650.221.12.00 - Subministro de material eléctrico.

3º.- Formalizar por escrito a presente modificación.

4º.- Publicar o acordo de modificación no perfil do contratante e no portal de transparencia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(658).- SOLICITUDE AO “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”, DENTRO DA “CONVOCATORIA 2018 DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO, PREVISTAS NO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (POEFE), DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES (AP-POEFE). EXPTE. 15311/77-

Visto o informe de fiscalización do 08/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 30/05/18, asinado pola técnica de administración xeral, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e o concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

Antecedentes:

- O MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES, publicou no BOE do 24 de xaneiro de 2018 a Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

- No BOE de 27 de abril de 2018, ven de publicar o “Extracto da Resolución do 23 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP- POEFE)”, polo que se inicia o prazo de presentación de candidaturas por un prazo de 40 días desde o seguinte á esta publicación.
- A convocatoria ten por obxectivo “A concesión de subvencións para cofinanciar proxectos promovidos por Entidades Locais no ámbito da inclusión social, loita contra a pobreza e a discriminación, que inclúan a realización de itinerarios integrados de contido formativo dirixidos á inserción de persoas desempregadas que pertencen a colectivos máis vulnerables, así como o desenvolvemento de xornadas informativas de activación e intercambio de experiencias e boas prácticas”.

Baixo a presente convocatoria de axudas do FSE, o Concello de Vigo propón a posta en marcha do proxecto denominado "**VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL**" que ten como finalidade responder ás necesidades xeradoras de emprego no Concello de Vigo e favorecer a integración sustentable das persoas en situación de vulnerabilidade do Concello de Vigo no mercado de traballo.

Como se acaba de sinalar, as necesidades que se pretenden cubrir están relacionadas coa mellora da situación sociolaboral das persoas residentes do Concello de Vigo, con especial incidencia en aqueles/as que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral, isto é, parados/as de longa duración, mulleres e persoas cualificadas en situación de risco de exclusión social ou laboral (inmigrantes, discapacitados/as, etc.), tal e como se deduce do análise do paro rexistrado por colectivos, atendendo a sexo e idade. Neste caso, baseándonos nos datos reflectidos polo SEPE para marzo do 2018, vemos que o colectivo que presenta uns maiores índices de desemprego é o formado polas mulleres maiores de 45 anos que veñen representar case un de cada tres parados radicados no concello de Vigo, seguidos polas mulleres con idades comprendidas entre os 25 e os 45 anos; ambos colectivos supoñen o 55% dos parados totais da cidade, cifra que se vai até case o 57% si contabilizamos tamén ás mulleres menores de 25 anos. Se focalizamos a análise sobre o colectivo masculino vemos como os maiores de 45 anos tamén son o colectivo con maior representatividade entre os parados xa que alcanzan o 23,26% dos mesmos seguido por aqueles que posúen idades comprendidas entre os 25 e os 45 anos co 17,54%. O colectivo de menores de 25 anos masculino é o único que presenta unha maior representatividade que o seu homólogo feminino. Se tivéssemos que trazar o prototipo de persoa rexistrada como desempregada en Vigo deberíamos de dicir que se trata dunha persoa maior de 45 anos (55% dos rexistrados) de sexo muller (57% dos rexistrados).

Atendendo ao sector económico, vemos que indubidablemente estes se centran no sector servizos (72,14%) seguidos pola industria (11,49%) e o colectivo de sen emprego anterior (8,28%), factor que nos demostra as enormes dificultades que presenta, na cidade, o acceso ao mercado laboral, condición que se ceba no sector máis novo da poboación.

O Concello de Vigo, como entidade solicitante do presente proxecto, ofrecerá unha orientación personalizada. Ademais da formación que se establece no proxecto, as persoas participantes deberán estar empadroados en Vigo (e especialmente a aqueles/as con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo) e a oportunidade de cursar forma-



Concello de Vigo

ción específica adecuada ao seu perfil e necesidades, xunto coa realización de prácticas profesionais que acompañen a devandita formación, para así lograr a inserción, tanto social como laboral.

No marco do Proxecto facilitarase unha axuda económica ás persoas participantes nos Itinerarios formativos que cubrirá os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación co coidado de familiares.

Serán beneficiarios destas axudas os desempregados participantes nos itinerarios integrados de inserción socio-laboral e que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de rendas ou ingresos, de calquera natureza, iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75% do IPREM.
- Asistir un mínimo do 75% á totalidade das actividades dos distintos módulos que conforman os itinerarios integrados de inserción socio laboral. Así mesmo, as axudas abonaranse por mes natural, tendo en conta os días de asistencia.

O proxecto "**VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL**" consiste en establecer unha serie de Itinerarios Integrados de Inserción, baseados no Informe de prospección e detección de necesidades formativas 2017, que ofrece unha Listaxe das ocupacións con mellor situación no mercado de traballo da provincia de Pontevedra, e a análise realizada no punto 1 da presente Memoria sobre a Estratexia Española de Activación do Emprego e o Informe do Mercado de Traballo da Provincia de Pontevedra no ano 2017, definimos os sectores e ocupacións que serán xeradoras de emprego nos próximos anos no municipio de Vigo:

SECTOR	OCUPACION
Turismo e hostalaría	-Camareiro -Persoal de limpeza -Axudante de cociña
Comercio por xunto e por menor	-Vendedores en tendas e almacéns
Industria da alimentación	-Peóns de industrias manufactureras
Loxística e Transporte	-Peóns de transporte de mercadorías e descargadores
Industria IT	-Programadores e Analistas -Xefes de proxecto -Enxeñeiros TIC
Automoción, Aero-náutica e Naval	-Enxeñeiros industriais -Técnicos en mecanizado CNC -Persoal para mantemento de autómatas -Profesionais de Electricidade, Mecánica e Electromecánica -Profesionais elementais -Tuberos e caldereros -Soldadores e oxicortadores
Servizos Sociais	-Traballadores dos coidados a persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outros epígrafes

Baseándonos en que os colectivos destinatarios dos Itinerarios formativos son colectivos vulnerables e que o obxecto da formación vincúlase á obtención de certificados de profesionalidade, priorizáronse as seguintes ocupacións, clasificadas en Familias profesionais, nas que se establecen as principais NECESIDADES FORMATIVAS para a área de Vigo:

- ✓ **FAMILIA PROFESIONAL DE HOSTELERIA E TURISMO:**
 - Camareiro
 - Axudante de cociña.
- ✓ **FAMILIA PROFESIONAL DE COMERCIO E MERCADOTECNIA:**
 - Vendedores en tendas e almacéns
 - Peóns de transporte de mercadorías e descargadores
- ✓ **FAMILIA PROFESIONAL DE FABRICACIÓN MECÁNICA:**
 - Soldadores
- ✓ **FAMILIA PROFESIONAL DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE**
 - Traballadores dos coidados a persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outros epígrafes.

No referente ás competencias transversais, dado que estamos a tratar con colectivos vulnerables, conveuse intervir naquelas necesidades que afecten principalmente á procura de oportunidades laborais, tanto a través de autoemprego como de emprego por conta allea:

- Habilidades sociais e persoais demandadas polo mercado de traballo.
- Situación do mercado laboral e dos mecanismos para o acceso á formación e a procura de emprego.
- Autonomía e motivación.
- Hábitos laborais.
- Coñecemento e formación en materia laboral e legal así como sistemas de acceso ao mercado de traballo,
- Adquisición de competencia lingüística e TIC.
- Adaptación, xestión do cambio e/ou comunicación

En función do establecido anteriormente e, consensuadamente entre o Concello de Vigo e os Axentes sociais, déronselle prioridade aos seguintes ITINERARIOS FORMATIVOS para cada unha das familias profesionais e ocupacións:

- **FAMILIA PROFESIONAL DE HOSTELERIA E TURISMO:**
 - ITINERARIO FORMATIVO 1: Operacións básicas de catering (HOTR0308).
 - 2 edicións/15 participantes por edición.
 - ITINERARIO FORMATIVO 2: Operacións básicas de cociña (HOTR0108).
 - 5 edicións/15 participantes por edición.
- **FAMILIA PROFESIONAL DE COMERCIO E MERCADOTECNIA**
 - ITINERARIO FORMATIVO 3: Actividades auxiliares de comercio (COMT0211).
 - 2 edicións/15 participantes por edición.
 - ITINERARIO FORMATIVO 4: Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112).
 - 2 edicións/15 participantes por edición.
 - ITINERARIO FORMATIVO 5: Actividades de venda (COMV0108).
 - 4 edicións/15 participantes por edición.
 - ITINERARIO FORMATIVO 6: Organización e xestión de almacéns (COML0210).



Concello de Vigo

- 3 edicións/15 participantes por edición.
- **FAMILIA PROFESIONAL DE FABRICACIÓN MECÁNICA:**
 - ITINERARIO FORMATIVO 7: Soldadura Oxigás e Soldadura Mig/Mag (FMEC0210).
 - 2 edicións/15 participantes por edición.
- **FAMILIA PROFESIONAL DE FABRICACIÓN MECÁNICA:**
 - ITINERARIO FORMATIVO 8: Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais. (SSCS02208).
 - 1 edición/15 participantes por edición

Outra das características que se pretende con este proxecto no marco da convocatoria 2018 do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) é que presenta un amplo nivel de complementariedade con outras actuacións desenvolvidas, ou en proceso de implementación, por esta administración local no ámbito da inclusión social, a loita contra a pobreza e a discriminación; e cuxo obxectivo finalista é mellorar a situación daquelas persoas desempregadas pertencentes a colectivos vulnerables radicadas no termo municipal; así entre as iniciativas máis destacadas e que maior afinidade e confluencia de obxectivos presentan, atopámonos coas que se citan a continuación:

- -VIGO POLO EMPREGO DÁ MOCIDADE; programa financiado polo Fondo Social Europeo (FSE) cun orzamento de 840.000 euros e cuxos destinatarios eran mozos maiores de 16 anos e menores de 30 anos, inscritos no Plan Nacional de Garantía Xuvenil (165 individuos).
- -VIGO POLO EMPREGO DÁ MOCIDADE II; programa financiado polo Fondo Social Europeo (FSE) cun orzamento de 100.000 euros que está orientado a dar formación e orientación a mozos maiores de 16 anos e menores de 30 anos (75 individuos).
- -VIGO INTEGRADA V; programa Integrado de Emprego financiado por parte do goberno rexional (Xunta de Galicia -Consellería de Economía, Emprego e Industria-) e dotado cun orzamento de 198.147, 50 euros e dirixido a 85 persoas (obxectivo de inserción do 30%).
- -VIGO CAPACITA IV; programa de emprego subvencionado polo goberno rexional (Xunta de Galicia-Consellería de Economía, Emprego e Industria-) en colaboración co Concello de Vigo cun orzamento de 280.000 euros e que desde outubro do 2017 até xullo do 2018 deberá de formar, outorgando a cualificación técnica suficiente (certificado de profesionalidade) a 20 desempregados (10 en Operacións básicas de cociña e 10 en Operacións básicas de restaurante-bar).
- -VIGO VERTICAL; estratexia cofinanciada polo Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) entre cuxas actuacións se contempla o desenvolvemento do programa "VIGO EMPREGA 2018", ao que se destinarán 900.000 euros, e cuxo obxectivo é a realización de obras e servizos de interese municipal por parte de persoas que teñen dificultades importantes para atopar emprego.
- -PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIGO; o devandito programa de inserción laboral está dirixido, en exclusiva, a mulleres en situación de violencia de xénero veciñas do municipio de Vigo sendo o seu obxectivo apoialas na súa integración ou reintegración ao mercado laboral, dado que, a falta dun posto de emprego dificulta, en moitas ocasións, a ruptura da situación de violencia. O programa que se aplicará ao longo do presente ano 2018 ten como obxectivo contratar a 13 mulleres en devandita situación no posto de auxiliares administrativas (5) e subalternas (8) por un período de 12

meses e conta cun orzamento de 150.000 euros achegados integramente por parte do orzamento municipal.

- -PROGRAMA FORMAWEB; programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE) mediante o programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020, a través da execución de taller de emprego dirixido á mellora da empregabilidade, cualificación e inserción profesional a través da formación na confección e publicación de páxinas web para un total de 15 alumnos, todos eles **mozos** incluídos no ficheiro nacional de Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, e por un importe superior aos 140.000 euros. O obxectivo será a obtención do certificado de profesionalidade na especialidade "IFCD0110 Confección e Publicación de páxinas web".

A xestión do proxecto baséase nunha metodoloxía de traballo colexiada e colaborativa a partir da creación dun Comité de Xestión capitaneado polo director/a do proxecto e o/a coordinador/a (que serán persoal ligado contractualmente á administración pública) e nun segundo nivel un vogal de **cada unha das seguintes organizacións representativas dos axentes sociais que posúen un forte arraigamento no noso municipio: UXT, CC.OO, CIG, AJE Vigo, Empresarias de Galicia e CEP**. Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento e cabida aos mesmos na organización deseño e implementación do presente proxecto. A frecuencia das reunións do Comité de Xestión será bimensual aínda que esta periodicidade poderá ser variada se as propias circunstancias de traballo así o demandasen.

As funcións dos axentes sociais serán:

- A) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios
- B) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionando e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación
- C) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen

Como elementos complementarios de seguimento diario e de fiscalización económica constituiranse dúas figuras de traballo que se denominarán Comité de Seguimento e Comité de Control Económico.

Na composición do equipo técnico, se ten procurado un perfil profesional, así coma unha boa definición das tarefas a desenvolver e que estará composto por:

- 1 Director/a
- 1 Coordinador/a
- 1 Titor/a de inserción
- 1 Formador/a
- 1 Técnico/a en xestión económica
- 1 Auxiliar administrativo/a

Ademáis, na elaboración do proxecto se tiveron en conta algúns aspectos innovadores dos que cabe subliñar:

- Impartición de metodoloxía Lean Startup para a promoción do autoemprego; procederá á impartición desta formación adicional e transversal en técnicas e ferramentas hábeis e innovadoras que facilitarán, a incorporación dos beneficiarios ao mundo laboral a través do emprendemento.



Concello de Vigo

- Modelo de itinerario de inserción baseado na excelencia; se aposta polo concepto de aprender traballando como iniciativa de formación para o emprego a pesar de que moitos dos beneficiarios poidan presentar un sólida e dilatada experiencia laboral previa.
- Integración de formación específica en habilidades sociais e cultura do emprendemento (Lean Startup); dita solución vén determinada por unha procura por reforzar e fortalecer actitudes fundamentais, ligadas co individuo, dada a amplísima casuística e heteroxeneidade que pode presentar o perfil do alumnado, a través da promoción das habilidades sociais.
- Aplicación de políticas de emprego planificadas cara ao desenvolvemento local; resposta ás necesidades ocupacionais máis relevantes como criterio prioritario, dos sectores de actividade e as ocupacións que son máis significativas para o desenvolvemento económico futuro do concello de Vigo.
- Proceso colaborativo consensuado entre administracións públicas e servizos e axentes sociais; a participación dos axentes e servizos sociais como elemento de intervención e selección daranos unha verdadeira dimensión da idoneidade que se establecerá no proceso integrador dos beneficiarios; esta colaboración baséase nun traballo previo desenvolvido a partir dunha metodoloxía en rede, onde cada unha das organizacións encadradas achegará a súa experiencia, recursos e prácticas que permitirán unha verdadeira idoneidade no tocante ao perfil do beneficiario e o itinerario de inserción que este realizará.

Prazos de duración do proxecto.

O cronograma estimado das actuacións do proxecto é o que se indica a continuación, iniciándose a actividade do proxecto o 1 de xaneiro de 2019 e discorrendo ata o 31 de decembro de 2020.

ITINERARIOS FORMATIVOS	EDICIONES	COSTES UNITARIOS	TOTAL AYUDA ASISTENCIA POR EDICIÓN	TOTAL EDICIONES
ACTIVIDADES AUXILIARES DE COMERCIO (COMT0211)	2	11,73 €	11.096,25 €	22.192,50 €
OPERACIONES BÁSICAS DE CATERING (HOTR0308)	2	11,73 €	10.491,00 €	20.982,00 €
ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES SOCIALES. (SSCS02208)	1	11,73 €	17.148,75 €	17.148,75 €
ACTIVIDADES DE VENTA (COMV0108)	4	11,73 €	21.789,00 €	87.156,00 €
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE ALMACENES (COML0210)	3	11,73 €	15.131,25 €	45.393,75 €
OPERACIONES BÁSICAS DE COCINA (HOTR0108)	5	11,73 €	13.719,00 €	68.595,00 €
ACTIVIDADES DE GESTIÓN DEL PEQUEÑO COMERCIO (COMT0112)	2	11,73 €	19.771,50 €	39.543,00 €
SOLDADURA OXIGÁS Y SOLDADURA MIG/MAG (FMEC0210)	2	11,73 €	22.192,50 €	44.385,00 €
TOTAL	21	11,73 €	131.339,25 €	345.396,00 €

JORNADAS	EDICIONES	TOTAL
Motivación y apoyo a personas con dificultades en el acceso al empleo.	1	4.585,41 €
Fomento del emprendimiento y la cultura empresarial	1	4.585,41 €
Promoción de la inserción socio-laboral, en colectivos vulnerables en el Municipio de Vigo.	1	4.585,41 €
TOTAL	3	13.756,23 €

PRESUPUESTO TOTAL DEL PROYECTO COSTES UNITARIOS	
Total Itinerarios formativos	1.755.101,25 €
Total ayuda asistencia	345.396,00 €
Total jornadas	13.756,23 €
Redacción del proyecto	8.357,86 €
TOTAL	2.122.611,34 €

Orzamento do proxecto.

A convocatoria inclúe a Galicia no mesmo grupo ca o Principado de Asturias e Ceuta e ten unha taxa de cofinanciación do 80% e un importe orzamentario para estas de 19.354.250 €, polo que o importe a cofinanciar do Concello de Vigo, de ser aceptado o proxecto na súa totalidade supón 424.522,27 €, que serán financiados con fondos municipais, dos que 220.586,26 € se financiarán con cargo aos orzamentos de 2019 e 203.935,71 € se financiarán con cargo aos orzamentos de 2020, co seguinte detalle:

- Costos de persoal municipal asignado ao proxecto:
 - Ano 2019: 107.889,88 €
 - Ano 2020: 109.055,71 €.
- Custos de amortización e arrendamento de locais e equipamento informático municipal:
 - Ano 2019: 15.000 €
 - Ano 2020: 15.000 €.
- Gastos correntes (material de oficina, comunicacións postais, apoio técnico especializado e publicidade):
 - Ano 2019: 27.360,00 € (partidas 2410 2200000, 2410 2200200, 2410 2219900, 2410 2260200)
 - Ano 2020: 27.360,00 € (partidas 2410 2200000, 2410 2200200, 2410 2219900, 2410 2260200).



Concello de Vigo

- Gastos varios (ponentes xornadas, portal web do proxecto, redacción do proxecto, asesoramento):
 - Ano 2019: 70.336,68 € (partidas 2410 2260200, 2410 2260606, 2410 2270600, 2410 2270601, 2410 2279900, 2410 2279911, 2410 2279913, 2410 2279914)
 - Ano 2020: 52.520,00 € (partidas 2410 2260200, 2410 2260606, 2410 2270600, 2410 2270601, 2410 2279900, 2410 2279911, 2410 2279913, 2410 2279914)
 -

O orzamento total do proxecto é de 2.122.611,34 €, dos que o Concello de Vigo cofinancia o 20,00 %, importe que cubre a cofinanciación establecida na convocatoria, que é do 80%; as axudas se financian con recursos procedentes do Fondo Social Europeo, para o periodo de intervención 2014-2020, en concreto do eixo 2 do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE).

En canto á competencia para actividade de fomento de emprego, que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

De conformidade co exposto, nos termos contido e alcance do informe que a tal efecto emita a Intervención Xeral Municipal con carácter previo á adopción do presente acordo e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1.- *Aprobar a memoria e o orzamento do proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”, que se achegan no anexo I para presentar á “Convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE)”, convocada polo “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”*

- 2.- *Solicitar ao “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”, dentro da “Convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE)”, unha axuda por importe de 1.698.089,07€ que se corresponde co 80% do total do proxecto (2.122.611,34 €) para o desenvolvemento do proxecto aprobado.*
- 3.- *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados polo “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”.*
- 4.- *Delegar no concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello de Vigo na tramitación da solicitude de subvención diante do “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(659).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROIS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE BOUZAS PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA E DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS. EXPTE. 15052/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 07/05/18, asinado pola técnica de administración xeral, o xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas” solicitou en data 02/03/2018 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W263933-7801), a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais, achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado do secretario da entidade acreditando a condición de presidente da Asociación de don Ramón Vázquez Martínez.

- declaración xurada de que non se recibe ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para financiar as actividades obxecto do convenio.

- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia

- declaración xurada de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.

- memoria de actividades e orzamento asinado polo presidente da asociación, don Ramón Vázquez Martínez.



Concello de Vigo

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 26/02/2018.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 26/02/2018.
- informe de inexistencia de inscrición coma empresario no sistema da Seguridade Social expedido en data 26/02/2018.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 490-96, no epígrafe 3.2.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", por importe de 16.000,00 €.

IV. En data 30/04/2018 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 26/04/2018 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, achegou memoria xustificativa e texto do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á "Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas" no marco do plan municipal de emprego, para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais, mediante a instrumentalización do convenio cuxo texto se propón para aprobación co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Xa que logo, a concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que figuran neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Pola outra parte, asinará o convenio o presidente da asociación, don Ramón Vázquez Martínez, segundo resultou acreditado mediante certificación expedida polo secretario da entidade, incorporada ao expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

A Memoria xustificativa do convenio, en canto documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, reflicte coma competencia administrativa o disposto no artigo 25.2.l) e m) da LRBRL, que atribúe ás Administracións municipais competencia propia, en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e de ocupación do tempo libre.

Engade que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo dentro do seu programa público de emprego e formación, é a de inserción de desempregados mozos, a través da cualificación en ocupacións relacionadas coa recuperación do patrimonio artístico, cultural e tradicional.

Que a tal efecto, dende o Concello de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia, estase a promocionar esta cultura mariñeira dende hai moitos anos non só como instrumento de lecer senón tamén como capacitación laboral con saída profesional. Para esta promoción da cultura mariñeira o Concello de Vigo puxo en marcha cinco Escolas Obradoiro denominadas "Mar de Vigo", nas que aparte dos programas de formación e inserción laboral ofreceron á mocidade entre 18 e 25 anos a posibilidade de obter formación especializada en diversas ramas profesionais como carpintería de ribeira, actividades náuticas e novas técnicas de construción naval. Resultado do anterior o Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga



Concello de Vigo

- “Praia da Fontaiña” gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- “Coruxo” galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- “Illa de Toralla” Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Froito da devandita colaboración e no afán de que non se perda a cultura mariñeira tradicional, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin, comprometéndose ao mantemento, acondicionamento e amarre das embarcacións para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

V. Contido do convenio:

Os convenios regúlanse con carácter xeral na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, cuxo art. 48.7 establece que cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto das bases 38.4 e 40 das de execución dos vixentes orzamentos municipais, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no convenio que se propón para aprobación e que se acompaña da correspondente memoria xustificativa, figuran os antecedentes, razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e os obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Tal e como consta nos antecedentes do presente informe xurídico con proposta de resolución, o expediente incorpora: as preceptivas certificacións polas que a beneficiaria acredita estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Concello de Vigo, as declaracións responsables asinadas polo lexítimo representante da asociación de cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación sectorial e a existencia de crédito orzamentario para facer efectiva a subvención proposta por importe de 16.000 € con cargo á partida 2410 4890001 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais” dos vixentes Orzamentos municipais do 2018.

O pacto terceiro do convenio contempla que esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O pacto cuarto recolle a posibilidade de que para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

O pacto décimo primeiro contempla que serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen **ata o 30 de setembro de 2018**.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

A fin de dar cumprimento á **Instrución municipal do 14/02/2018 sobre Operacións de xustificacións de subvencións do exercicio orzamentario 2018**, o pacto noveno do convenio establece que a beneficiaria, antes do **17 de outubro de 2018**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.



Concello de Vigo

VII. Publicidade:

En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O art. 9.4 da LXS e o art. 6.4 da LSG establecen coma requisitos previos de outorgamento de subvencións: a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito axeitado e suficiente, a tramitación do correspondente procedemento, a fiscalización previa e a aprobación do gasto polo órgano competente.

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Aprobar o convenio de subvención nominativa entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”, con CIF: G36799351, que se xunta no anexo I do presente acordo, coa finalidade de promover a cultura mariñeira, promoción das embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) e para que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións durante o ano 2018.
2. Autorizar o gasto de 16.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4890001 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018.
3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio en caso de ser precisa a substitución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo.
4. Rexistrar os datos estruturados do convenio para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O presente acordo poderá ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.



Concello de Vigo

Doutra parte, don Ramón Vázquez Martínez, en calidade de presidente da "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta da certificación do seu secretario que figura na documentación aportada dentro do expediente 15052/77.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", ten entre outros tal e como se atopan nos seus estatutos os seguintes fins:

- O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.
- Desenvolver actividades que conduzcan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.
- Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.
- Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.
- Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.
- Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.
- Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polveiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.
- Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na Bretaña francesa.

Que dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2018 sobre a difusión da cultura mariñeira están entre outras as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.

II.- Que dende o Concello de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia, estase a promocionar esta cultura mariñeira dende hai moitos anos non só como instrumento de lecer senon tamén como capacitación laboral con saída profesional. Para esta promoción da cultura mariñeira o Concello de Vigo puxo en marcha cinco Escolas Obradoiro denominadas "Mar de Vigo", nas que aparte dos programas de formación e inserción laboral ofreceron á mocidade entre 18 e 25 anos a posibilidade de obter formación especializada en diversas ramas profesionais como carpintería de ribeira, actividades náuticas e novas técnicas de construción naval.

O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.

- “Illa de Toralla” Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Promoción por medio dunhas charlas-coloquios da construción de embarcacións tradicionais.
- Ensino e información de como se fai a preparación e carenado das embarcacións tradicionais.
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio- outubro).
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (Carril - Vilagarcía, Vila do Conde, Muros, Moaña, Monforte – río Cave, etc.)
- Regatas de faluchos.
- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais.
- Concerto de corais.
- Promoción a nivel local, autonómico, nacional e incluso internacional das embarcacións tradicionais polas súas características de construción en madeira e por seren réplicas de embarcacións tradicionais sendo estas o mellor referente para a difusión da cultura mariñeira.
- Exposición de embarcacións tradicionais non só para apreciarlas senon tamén para disfrutar da súa navegabilidade.
- Que esta asociación abriríase a calquera outra proposta de difusión da cultura mariñeira que partise do Concello de Vigo para facer saídas promocionais, actividades culturais, deportivas ou turísticas en xeral que se considerase oportunas.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíña, bote polveiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

V.- Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e incluso turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades pro-



Concello de Vigo

pias da asociación, así como do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....
2. Como se especifica nos nosos estatutos manter, coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promocionando as mesmas non só en terra senon tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promocionar non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senon tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acolloer ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promocionar coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíña "Vigo 05", Bote Polveiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna Tope").

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, non só nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, senón a todo o público en xeral.
2. Emprestar as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polveiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades promocionadoras da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a asociación de mariñeiros artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.
3. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida partida 2410 4890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efec-

tuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.



Concello de Vigo

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Noveno.- A beneficiaria, **antes do 17 de outubro de 2018**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen **ata o 30 de setembro de 2018**.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos,



Concello de Vigo

ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2018

7(660).-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "FORMAWEB II". EXPTE. 15388/77.

Visto o informe xurídico do 12/06/18 e o informe de fiscalización do 14/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 11/06/18, asinado polo xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e o concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos. A Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de

Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita" I, II, III,IV Obradoiro de emprego "Vigo Prepara", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "FORMAWEB") un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "**FORMAWEB II**", propoñendo a especialidade de **Confeción e publicación de páxinas web**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa confección e publicación de páxinas web levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "**Obradoiro de Emprego FORMAWEB II**" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de **15** alumnos/as na especialidade de "**Confeción e publicación de páxinas web**". Os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto son varios e moi interesantes, tal e como se recolle no proxecto que se inclúe no expediente, pero pódense concretar en:

5. Organización dos recursos.
6. Análise previa da estrutura da web.
7. Coñecer a infraestrutura informática que soporta o portal, a tecnoloxía do servidor, as linguaxes empregadas e o software utilizado.
8. Creación de plantillas para cada sección.
9. Programaranse os formularios, a detección de erros e tratamento destes...

En resumo o obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de índole social ou de interese para a comunidade.

A duración do "Obradoiro de Emprego FORMAWEB II" está establecida en 6 meses e a data prevista de inicio é o 1 de setembro do presente ano. Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Local Municipal sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9, baixo que están adecuadamente adaptado ás necesidades do obradoiro.

A subvención económica solicitada á Consellaría Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia é de **144.621 €**, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na *ORDE do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, publicado no DOG do 23 de maio de 2018*, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.



Concello de Vigo

Estímase a achega municipal en **20.001,00** e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2018 e 2019 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2018, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<u>Partida</u>	<u>2018</u>	<u>2019</u>
2410 210000 Subministros materiais de construción	13.334,00€	6.667,00€

Conforme establece a Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non leva implicitamente a aceptación da mesma, a espera da resolución definitiva polo órgano competente, polo que salvo mellor criterio a presentación da solicitude que non a súa aceptación no caso de obter resolución favorable da mesma por parte da administración convocante, non entra en contradición co establecido na “Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidade de la Administración Local”, no seu artigo 27 e concordantes, con relación á delegación de competencias en materia de Emprego cara a mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuír a eliminar duplicidades administrativas e ser conforme coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB II”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, publicado no DOG do 23 de maio de 2018”.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2018 e 2019, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB II”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(661).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS XARDINEIROS/AS E DOUS/DÚAS PEÓNS, BAIXO A

MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE SANIDADE. EXPTE: 31649/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/06/18, dáse conta do informe-proposta do 24/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 06/03/2018, o Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da Concelleira de Medioambiente e Vida Saúdable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais xardineiros/as e tres operarios/as peóns, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

Con posterioridade e trala tramitación do expte 31647-220, se transmite polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que serían suficientes dous peóns (trámite 23 do expte)

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 30/04/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de 1 oficial xardineiro/a e 3 operarios/as peóns, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 23/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de***

la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 234-Oficial xardiñeiro/a e posto cód. 158 Operario/a peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 06/03/2018, do Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da Concelleira de Medioambiente e Vida Saúdale; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 30/04/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas oficiais xardineiros/as e dous/dúas operarios/as peóns; supón un gasto de **44.799,08 € (2 oficiais xardineiros/as- 23.434,24 € e 2 operarios/as peóns- 21.364,84 €)**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **15.734,04 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "verificadas as listaxes de reserva para as categorías de Oficial Xardineiro/a e Operario/a-peón existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais xardineiros/as de **D. Miguel Ángel Gómez López, con DNI *****811-Y** e **D^a. María Ana Nogueira Gómez, con DNI *****195-P** e como operarios peóns a **D. Fernando Rey Gómez, con DNI *****327-T** e **D. José Luis Vázquez Castro, con DNI *****740-V**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á

vista dos datos proporcionados polo programa informático desenvolvido para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 4 e 7 de maio, optar aos referidos nomeamentos interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais xardineiros/as (2) e operarios/as peóns (3)**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Sanidade e Salubridade, contidas no escrito do 06/03/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **44.799,08 € (2 oficiais xardineiros/as- 23.434,24 € e 2 operarios/as peóns- 21.364,84 €)**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como oficiais xardineiros/as a **D. Miguel Ángel Gómez López, con DNI *****811-Y** e **D^a. María Ana Nogueira Gómez, con DNI *****195-P** e como operarios peóns a **D. Fernando Rey Gómez, con DNI *****327-T** e **D. José Luis Vázquez Castro, con DNI *****740-V**; na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático desenvolvido para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 234-Oficial xardiñeiro/a e posto cód. 158 Operario/a peón), sendo adscritos/as ó



Concello de Vigo

Servizo de Sanidade e Salubridade, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionario/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(662).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OPERARIO PEÓN, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA A ÁREA DE CULTURA. EXPTE: 31683/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/18, dáse conta do informe-proposta do 23/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 10/05/2018, o concelleiro delegado da Área de Cultura, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha operario/a-peón para atender a carga de traballo que se require para o desenvolvemento das tarefas de conservación e mantemento que teñen encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 11/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha operario/a-peón por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 22/05/2018, o Técnico de Organización e Planificación emite informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”



Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 158-operario-peón, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Concelleiro-delegado da Área de Cultura, así coma na instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 11/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.



Concello de Vigo

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha operario/a-peón, supón un gasto de **10.682,42 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.578,58 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de operario-peón, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Borja Argibay Cusí, con DNI *****749-W**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 15/05/2018, segundo consta no expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **operario-peón**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Cultura contidas no escrito do 10/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.682,42 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Borja Argibay Cusí, con DNI *****749-W**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 158-operario-peón), sendo adscrito/a á Área de Cultura, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe de Cultura, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(663).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL CON CARGO Á PRAZA VACANTE INCLUÍDA NA OEP 2017, DA MESMA DENOMINACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 A) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, PARA O NEGOCIADO DE BENS INMOBLES (511). EXPTE: 31807/220.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 07/06/18, dáse conta do informe-proposta do 23/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017(expte. 29567/220), publicada no BOP 29/12/2017.

2.- Con data 11/04/2018, a Adxunta a Dirección de Ingresos co conforme do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, remite oficio manifestando a necesidade do nomeamento interino con cargo á vacante dun auxiliar de Admón. Xeral para a Dirección de Ingreso.

3.- Solicitado informe técnico, acerca de si existe a vacante solicitada e de ser posible o nomeamento, gasto económico do mesmo, na data 19/04/2018, se informa que “No servizo cód. 500-Dirección de Ingresos, aplicación orzamentaria 932.0 do vixente orzamento, non existe ningún posto vacante de auxiliar administración xeral, toda vez que o único posto de auxiliar adscrito a este Servizo se atopa ocupado. En consecuencia, non existe neste Servizo crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta.

Nembargantes, dentro da referida aplicación orzamentaria existen 3 postos vacantes de auxiliar administrativo/a nos seguintes servizos, negociados e, unidades administrativas:

- 502-Inspección de Tributos
- 511-Administración de Tributos, negociado de bens inmobles.
- 515-Administración de tributos, negociado de tributos especiais.”

Remitido o expte ao solicitante, na data 20/04/2018 a Adxunta a Dirección de Ingresos solicita se cubra interinamente o posto 511-Administración de Tributos, negociado de bens inmobles.

4.- O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 20/04/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible, a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local para o nomeamento interino con cargo a vacante dun/dunha auxiliar de administración xeral, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 28/12/2018.

5º.- Con data 19/04/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación de RRHH e Formación, informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, constando o mesmo no expediente, que recolle no que respecta o custo dos nomeamentos “O custo anual dun posto de auxiliar administrativo para o exercicio 2018 e de 29.885,86 €, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.04.00 (soldo base, por un importe anual de

8.632,60€), 121.00.04 (complemento de destino, por un importe anual de 5.047,56€), 121.01.04 (complemento específico por un importe anual de 9.185,82€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.019,88€).”

6.- Segundo consta no informe técnico emitido “Na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, BOP de 29 de decembro de 2017, figuran incluídas dúas prazas de auxiliar de administración xeral pola quenda libre, que se atopan vacantes.

O que se informa aos efectos oportunos sen prexuízo do informado no expediente 31582/220 en data 18/04/2018.”

No expte ao que se refire (31582-220), en informe de ampliación consta que “Respecto das sete prazas de auxiliar de administración xeral (cinco delas incluídas na OEP-2016 e outras dúas na OEP-2017) infórmase que unicamente dúas das incluídas na OEP 2016 atópanse cubertas interinamente, polo que as cinco restantes se atopan vacantes, sen prexuízo de que na actualidade figuren incluídas na nómina municipal un total de dúas empregadas laborais indefinidas por sentenza xudicial coa categoría profesional de Auxiliar administrativo/a.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de



Concello de Vigo

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o

seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 28/12/2017.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar de administración xeral), adscrito ao Negociado de Bens inmobles (511), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da Adxunta a Dirección de Ingresos co conforme do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, solicitando a cobertura da vacante, así coma a instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 20/04/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.



Concello de Vigo

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Recursos Humanos e Planificación, que consta no expediente:

“O custo anual dun posto de auxiliar administrativo para o exercicio 2018 e de **29.885,86 €**, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.04.00 (soldo base, por un importe anual de 8.632,60€), 121.00.04 (complemento de destino, por un importe anual de 5.047,56€), 121.01.04 (complemento específico por un importe anual de 9.185,82€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.019,88€)”.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar Administrativo/a existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a. Olga González Arias, con DNI *****937-K** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

As mesma aceptou expresamente mediante escritos de data 08/05/2018 e 06/04/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina con cargo a vacante dun/dunha auxiliar de administración xeral (unha praza correspondente a OEP 2017), ao

abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de 29.885,86 € incluíndo os custos de Seguridade Social.

O custo anual do posto de auxiliar administrativo, estará distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.04.00 (soldo base, por un importe anual de 8.632,60€), 121.00.04 (complemento de destino, por un importe anual de 5.047,56€), 121.01.04 (complemento específico por un importe anual de 9.185,82€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.019,88€)”.

SEGUNDO: Nomear funcionario/a interino/a con cargo á praza vacante como Auxiliar de administración xeral, a D^a. Olga González Arias, con DNI *****937-K, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28/12/2017; percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138-auxiliar de administración xeral.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, a Adxunta a Dirección de Ingresos, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(663).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OPERADORES INFORMÁTICOS, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE: 31989/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 07/05/2018, o Xefe de Administración Electrónica, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas operadores informáticos, para o Servizo de Administración Electrónica.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas operadores/as informáticos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 24/05/2018, o Técnico de Organización e Planificación emite informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de***



Concello de Vigo

la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 124- Operador/a Informático/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá

ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe de Administración Electrónica, así coma na instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 10/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas operadores/as informáticos/as, supón un gasto de **23.643,54 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.258,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Operador/a Informática existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a. Cayetana Alejandra Martínez Pardo, con DNI *****075-Z** e **D. José Francisco Ledo Gutiérrez, con DNI *****789-Z**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos de data 18 e 23 de maio de 2018 optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba



Concello de Vigo

o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **operadores/as informáticos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica contidas no escrito do 07/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.643,54 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a. Cayetana Alejandra Martínez Pardo, con DNI *****075-Z** e **D. José Francisco Ledo Gutiérrez, con DNI *****789-Z** na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 124-operador/a informático/a), sendo adscrito/a ao Servizo de Administración Electrónica, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de

Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Xefe de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(664).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL DE INSTALACIÓNS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE: 31999/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/06/18, dáse conta do informe-proposta do 22/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 05/03/2018, a Xefa do Servizo de Xuventude, coa conformidade da Concelleira-delegada de Xuventude, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha oficial de instalacións, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14/05/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha oficial de instalacións, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.



Concello de Vigo

3.- Con data 16/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómi-*

ca de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300- oficial instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce



Concello de Vigo

meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Xuventude, que conta coa conformidade da Concelleira-delegada de Xuventude; así coma na instrución do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 14/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial de instalación para o Servizo de Xuventude, supón un gasto de **11.717,12 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **4.288,44 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Breixo Pintos Da Cunha, con DNI *****984-T**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 14/05/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **oficial de instalacións**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Xuventude, contidas no escrito do 05/03/2018 e en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.717,12 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Breixo Pintos Da Cunha, con DNI *****984-T**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.



Concello de Vigo

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300- oficial instalacións), sendo adscrito/a ó Servizo de Xuventude, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, a Xefa de Xuventude, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(665).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 1832/330

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/04/18 e o informe de fiscalización do 13/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 19/03/18, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.-

Con data 9 de marzo pasado, a asociación Instituto de Estudos Vigueses presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 12 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención nominativa correspondente para a organización e realización do programa de actividades durante o exercicio 2018, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 37.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

PROGRAMA:

- Boletín anual "GLAUCOPIS" Ano XXIII-nº 23-2018
- Publicación do libro *"De la antisepsia a los Pabellones Sanitarios. El doctor Enrique Lanzós Sánchez"* de Fernando Domínguez Freire
- Publicación do libro *"Vigo, felices años 20, personajes de carne y hueso"* de Gerardo González Martín
- Publicación do libro *"La Primera Guerra Mundial en Vigo"* de José Ramón Cabanelas
- Publicación do libro *"El Vigo fortificado"* de Jaime Garrido
- Publicación do libro *"Escolma de ponencias do FORUM IEV 2018"* de varios autores
- Reedición de obras
- Ciclo de conferencias FORUM IEV 2018

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 37.000 € (trinta e sete mil euros), financiándose integramente coa achega do Concello de Vigo.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo



Concello de Vigo

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito remitido polo Instituto de Estudos Vigueses de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de actividades durante o exercicio 2018, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Instituto de Estudos Vigueses , para a organización do programa de actividades durante o exercicio 2018, obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao Instituto de Estudos Vigueses deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao Instituto de Estudos Vigueses ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades durante o exercicio 2018 e figura na partida 3340.480.00.01 "INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 37.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao Instituto de Estudos Vigueses é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN S DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 37.000€ (trinta e sete mil euros) ao Instituto de Estudos Vigueses, CIF. G27767524, para o financiamento do programa de actividades durante o exercicio 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 "INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Instituto de Estudos Vigueses que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de actividades durante o exercicio 2018."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN, ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES DURANTE O EXERCICIO 2018

En Vigo, _ de ____ de dous mil dezaoto

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,



Concello de Vigo

Doutra, D. Juan Carlos Abad Gallego, na súa condición de presidente do Instituto de Estudos Vigueses (CIF: G-27767524) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo, 2, 2º, CP 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encaдрada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**, como medio que é de promover a actividade cultural e científica na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.01, como subvención nominativa, a favor do **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**, a cantidade de 37.000 euros.

IV.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades durante o exercicio 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ENTIDADE, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.000 € (trinta e sete mil euros), financiándose integramente coa achega do CONCELLO.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

As actividades incluídas no programa da ENTIDADE para o exercicio 2018 son as seguintes:

- Boletín anual "GLAUCOPIS" Ano XXIII-nº 23-2018
- Publicación do libro "*De la antisepsia a los Pabellones Sanitarios. El doctor Enrique Lanzós Sánchez*" de Fernando Domínguez Freire
- Publicación do libro "*Vigo, felices años 20, personajes de carne y hueso*" de Gerardo González Martín
- Publicación do libro "*La Primera Guerra Mundial en Vigo*" de José Ramón Cabanelas
- Publicación do libro "*El Vigo fortificado*" de Jaime Garrido
- Publicación do libro "*Escolma de ponencias do FORUM IEV 2018*" de varios autores
- Reedición de obras
- Ciclo de conferencias FORUM IEV 2018

CUARTA.- OBRIGAS DE ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Juan Carlos Abad Gallego, presidente da entidade.

2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

7.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade



Concello de Vigo

da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (37.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roidas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está



Concello de Vigo

obligada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula

o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades

previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2018

1.- GASTOS:

Producción cultural (publicacións)	30.000 €
Gastos xerais	5.000 €
Gastos varios e imprevistos	2.000 €
TOTAL GASTOS	37.000 €



Concello de Vigo

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	37.000 €
TOTAL INGRESOS	37.000 €

14(666).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DE PUBLICIDADE EXTERIOR. EXPTE. 93738/421.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe emitido polo secretario xeral do Pleno de data 14/06/18 (en cumprimento co sinalado no artigo 3.3.d) 1º do R.D. 128/2018) dáse conta do informe-proposta de data 28/05/18, asinado polas técnicas de Admón. Xeral do Servizo de Licenzas de Obras e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. XUSTIFICACIÓN

En data 24/02/2003 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a Ordenanza urbanística reguladora da Publicidade exterior no término municipal, que foi publicada no BOP nº 68 de data 08/04/2003.

A referida Ordenanza municipal, ditada en virtude da autonomía municipal constitucionalmente garantida, ten por obxecto a regulación das condicións ás que haberán de someterse as instalacións publicitarias perceptibles dende a vía pública, no termo municipal de Vigo.

En consecuencia, quedará sometida ás normas desta Ordenanza toda actividade publicitaria que utilice como vehículo transmisor da mensaxe, medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas se atopen en espazos abertos, transiten pola vía pública, circulen por vías de comunicación, utilicen medios privados ou colectivos de transporte e, en xeral, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

Ante a evolución tecnolóxica estímase necesario introducir na Ordenanza a regulación destes novos soportes sobre os que xa existen iniciativas privadas que consultaron a súa viabilidade e ata iniciativas públicas no ámbito do mobiliario urbano e información cidadá.

A necesidade de regularizar a instalación destes novos soportes publicitarios privados mediante sistemas audiovisuais con programación, supoñen a adecuación ás novas tecnoloxías, así como á apertura das mesmas ás necesidades de información urbana e publicidade institucional nun intento de mellora dos servizos cidadáns e na prestación de servizos públicos. E todo iso, mediante o desexable e necesario control medioambiental e paisaxístico da cidade.

Aínda que o apartado 9.3 da vixente Ordenanza municipal prevé a autorización de soportes publicitarios non expresamente previstos na mesma, cuxa regulación debe manterse para poder dar cobertura aos que poidan aparecer e cuxa previsión normativa non é posible abordar agora, parece conveniente, con todo, en aras da seguridade xurídica, introducir a regulación expresa

dos que xa se atopan no mercado con tecnoloxías acabadas, cuxa concreta instalación xa se consultaron.

A variación de contidos, os novos soportes audiovisuais amparados en novas tecnoloxías xa desenvolvidas, aconsellan, con todo xa unha regulación pormenorizada que garantan a súa adecuación ao ámbito urbanístico preservando aqueles espazos en que poidan prexudicarse os valores arquitectónicos, urbanísticos, ambientais e ata paisaxísticos coa imprescindible salvagarda da sanidade ambiental e o dereito ao descanso dos veciños.

INFORME - PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA "ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO"

Consonte no disposto no Decreto de 11/09/2017 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo no que acorda incoar expediente administrativo para a tramitación da modificación da "Ordenanza Reguladora da Publicidade Exterior do Excmo. Concello de Vigo", procede a emisión do informe-proposta requirido.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Consta no expediente tramitado baixo o número 93738/421, Decreto da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de 11/09/2017, de Incoación do procedemento administrativo para a tramitación e aprobación da Modificación da Ordenanza Reguladora da publicidade exterior do Excmo Concello de Vigo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 14/09/2017 acorda abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da modificación da "Ordenanza Municipal reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo", aprobada polo Pleno Municipal en sesión de 24/02/2003 (BOP nº 68, do 08/04/2003), a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do dito acordo; dándolle traslado do mesmo tanto á Sede electrónica coma ao Portal de Transparencia para a súa publicación.

O Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 27/10/2017 certifica que durante o trámite de Consulta pública previsto no artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas previo á elaboración e aprobación da presente modificación, non constan presentadas opinións ou suxestións.

En sesión ordinaria de data 02/11/2017 o Consello da Xerencia acorda retirar do orde de día a aprobación inicial da Modificación da Ordenanza Reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo para incorporar novos informes aínda que estes non sexan preceptivos.

En data 07/11/2017, a Dirección de Ingresos da Concellería de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, propón a introdución de Disposición Adicional Quinta, a fin de clarificar a tributación por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local polos elementos ou instalacións da publicidade exterior co seguinte tenor literal:

"A fin de clarificar a tributación por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local polos elementos ou instalacións da publicidade exterior obxecto do presente



Concello de Vigo

expediente e seguindo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, a Dirección de Ingresos propón a introdución de disposición adicional quinta na modificación da ordenanza urbanística reguladora da publicidade exterior no termino municipal de Vigo (expte.: 93738/421), do seguinte tenor literal:

DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª:

As instalacións publicitarias obxecto da presente Ordenanza tributarán conforme á Ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo naqueles supostos nos que concorran utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo do dominio público local.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá substituír o regulado na citada Ordenanza fiscal nº 30 polo establecemento dunha taxa específica pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para os seguintes supostos:

- a) accións publicitarias especiais tales como desenvolvemento de promocións, accións de comunicación ou campañas publicitarias de carácter comercial de determinadas marcas, produtos ou servizos, mediante prácticas mercadotécnicas en dito dominio público.*
- b) exhibición de anuncios en valados e andamios que ocupen dominio público local.*
- c) exhibición de anuncios en mobiliario urbano ou instalacións de titularidade municipal.*
- d) ocupación do voo do dominio público local con instalacións de publicidade.*
- e) ocupación especial de solo de dominio público local derivada de instalacións de publicidade luminosa.”*

A 03/04/2018, o Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica emite informe co obxecto de engadir na modificación da Ordenanza en tramitación os epígrafes necesarios para evitar perxuízos innecesarios aos particulares e unha eventual carga para a administración respecto dos ceses das actividades de soportes, que modifican o contido dos puntos 1,2 e 3 do artigo 39. Dita proposta literalmente se transcribe:

“Co obxecto de evitar perxuízos innecesarios aos particulares e unha eventual carga para a Administración respecto de ceses de actividade de soportes, garantindo así medios públicos adecuados cos que facer cumprir a licitude da publicidade, de conformidade co disposto no artigo 3 e concordantes da lei 34/1988 de 11 de novembro, Xeral de Publicidade e a adecuación dos mesmos á normativa que se vaia producindo nun sector carente dunha regulación xeral actual, proponse a introdución na Modificación da Ordenanza de tramitación, dos seguintes epígrafes:

1 As licenzas concedidas e os efectos das comunicacións previas que se concedan, terán un prazo de duración de cinco anos. Transcorridos os cales, o titular estará obrigado á retirada dos instrumentos autorizados, no prazo máximo dun mes desde o vencemento do prazo da autorización.

2. No entanto, con anterioridade ao vencemento do prazo de cinco anos, poderá o titular solicitar unha prórroga da autorización por prazos anuais.

3. A non concesión por causa xustificada de dita prórroga non dará dereito a indemnización de clase algunha a favor do titular “

A 26/04/2018 a Concellería de Comercio do Concello de Vigo envía proposta a Xerencia de Urbanismo para a súa consideración na Ordenanza de Publicidade Exterior que se está a tramitar na oficina de Licenzas. Dita suxerencia, que a continuación se transcribe, modifica o contido do artigo 6 engadindo os parágrafos 6.5 e 6.6 e engade unha disposición adicional Sexta á presente modificación:

“O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar a suspensión provisional do funcionamento destes soportes publicitarios no caso de entrar en conflito con calquera aspecto relativo ao desenvolvemento de actividades ou eventos de interese municipal (Campaña de Nadal, Entroido...)

Todas as actividades programadas comunicaranse cunha antelación mínima de 7 días, ben a través dun bando publicitario publicado nos medios locais, ben na páxina web do Concello ou ben de maneira directa á entidades afectadas. Así mesmo, no caso de eventos puntuais convocados con pouca antelación, notificarase directamente ás entidades afectadas nun prazo de, como mínimo, 24 horas de antelación.

As empresas responsables deberán dispoñer dun servizo de comunicación durante as 24 horas ao obxecto de poder transmitir calquera incidencia que puidera darse ao respecto.

Todos os soportes publicitarios dixitais deberán dispor dun cadro de mando accesible desde a rúa, con pechadura normalizada, a unha altura aproximada de 3 metros, ao obxecto de que os servizos municipais poidan apagalos de ser o caso. As características destes cadros (dimensións, deseño, materiais, etc...) cumprirán cos requisitos establecidos polo Concello de Vigo no momento da súa autorización.”

II. MARCO NORMATIVO

As Ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da lei 39/2015 do 1 de Outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

En data 24/02/2003 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a Ordenanza Urbanística reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo, publicándose no BOP nº68 de data 08/04/2003.

A necesidade de axustar a normativa vixente municipal que conta con case 15 anos en vigor á evolución tecnolóxica, estímase unha tarefa necesaria, polo que deberá introducirse a regulación



Concello de Vigo

dos novos soportes publicitarios no ámbito do mobiliario urbano, nun intento de mellora dos servizos cidadáns e na prestación de servizos públicos mediante o necesario control medioambiental e paisaxístico da cidade, adaptando e aprobando unha modificación da ordenanza, que de cobertura a realidade tecnolóxica existente na cidade.

III. CONTIDO DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA

Polos motivos e xustificación enriba expostos, considérase necesaria a actualización dos seguintes artigos da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo publicada no BOP nº68 de 08/04/2003 coas seguintes modificacións que a continuación se detallan e que inclúen a proposta da Dirección de Ingresos da Concellería de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, de 07/11/2017, a proposta do Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica de 03/04/2018 e a proposta da Concellería de Comercio de 26/04/2018.

PRIMEIRA: Ampliar o contido do artigo 4: Réxime Tributario

“Para os efectos tributarios, a publicidade e os seus soportes gravaranse de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais que aprobe o Concello, salvo no suposto na disposición adicional quinta da presente Ordenanza”

SEGUNDA: Engadir apartados 5 ao artigo 6:

6.5 Todos os soportes publicitarios dixitais deberán dispor dun cadro de mando accesible desde a rúa, con pechadura normalizada, a unha altura aproximada de 3 metros, ao obxecto de que os servizos municipais poidan apagalos de ser o caso. As características destes cadros (dimensións, deseño, materiais, etc...) cumprirán cos requisitos establecidos polo Concello de Vigo no momento da súa autorización.

TERCEIRA: Engadir apartados 6 ao artigo 6:

6.6 As empresas responsables deberán dispoñer dun servizo de comunicación durante as 24 horas ao obxecto de poder transmitir calquera incidencia que puidera darse ao respecto.

CUARTA: Engadir un apartado 4 ao artigo 9 :

9.4. Autorizacións excepcionais:

a) Con carácter excepcional poderanse autorizar actuacións para a súa realización de forma temporal, a efectos de avaliar o seu impacto e a súa repercusión sobre a paisaxe urbana.

En todas estas actuacións excepcionais deberán reservarse espazos para a promoción da cidade de Vigo ou de acontecementos nos que participe directamente. A determinación dos espazos, contidos e formatos promocionais se coordinará polo órgano competente para outorgar a autorización da actuación experimental e requirirá a súa conformidade na que figurarán as características da acción de promoción.

b) Para autorizar as accións publicitarias temporais terase en consideración o seu impacto e repercusión na paisaxe urbano.

QUINTA.- Engadir un apartado 5 ao artigo 9:

9.5.- Outros medios de expresión publicitaria: pantallas publicitarias

a) Considéranse pantallas publicitarias animadas aquelas instalacións fixas de calquera característica material (led, plasma, etc.) destinadas á proxección de mensaxes publicitarias ou á transmisión ou comunicación de mensaxes comerciais baseada en vídeos, imaxes en movemento ou secuencias continuadas de imaxes fixas.

b) A publicidade mediante anuncios ou soportes luminosos suxeitarase ao disposto na normativa sobre publicidade, medio ambiente e sobre seguridade vial e ordenación do tráfico, ademais de, en todo caso, non poderá producir deslumbramento nin molestias visuais ás persoas, careceran de son, salvo autorización puntual e expresa garantíndose a non superación dos niveis máximos de contaminación acústica e lumínica e non inducirán á confusión con sinais de tráfico.

c) A publicidade luminosa deberá quedar apagada entre as 9 horas da noite e as 10 horas da mañá seguinte, salvo durante os períodos festivos regulamentarios nos que se autorice expresamente un horario especial.

d) A súa intensidade luminosa axustarase ao seguinte cadro:

Luminancia Máxima en Superficies Luminosas

Superficie luminosa en m²

Menor de 0,5 m².

0,5 < S < 2 m².

2 < S < 10 m²

Maior de 10 m².

Luminancia en cd/m².

1.000 cd/m².

800 cd/m².

600 cd./m².

400 cd/m².

e) A instalación de devanditos soportes publicitarios non poderá realizarse en edificios ou espazos incluídos na delimitación do Plan Especial de Protección do Casco Vello. A súa instalación en fachadas de inmobles incluídos no Catálogo de Edificios Protexidos, necesitan autorización expresa do órgano competente en materia de protección de patrimonio, previo informe favorable da Comisión de Seguimento do Ensanche.

f) A súa instalación poderá realizarse na planta baixa comercial dos edificios. No entanto, poderán autorizarse instalacións en tramos de fachada completa ou parcial por encima de devandita planta, en edificios destinados integramente a usos de oficinas e/o comerciais e cando se garantan as condicións de habitabilidade do inmovible, a ausencia de contaminación lumínica e a preservación do patrimonio.

g) A instalación poderá realizarse na planta baixa ou en tramos de fachada completa o parcial en inmobles institucionais ou adicados a equipamento, sempre que a información refírase á actividade que se exerza nos mesmos.

SEXTA.- Engadir un apartado 6 ao artigo 9:

9.6. Procedemento para o seu outorgamento:

a) As instalacións en tramos de fachada completa ou parcial por encima da planta baixa da edificación precisarán proxecto técnico que garanta a súa seguridade e a ausencia de contaminación lumínica por encima dos límites prefixados na presente Ordenanza e se



Concello de Vigo

someterán ao procedemento simplificado previsto na Ordenanza Municipal Reguladora da tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de Intervención Administrativa.

b) O resto, incluídas as instalacións interiores aos ocos de luces da fachada, someteranse ao procedemento de comunicación previa.

SÉPTIMA.- Modificar os puntos 1,2 e 3 do artigo 39 polo seguinte tenor literal:

1 As licenzas concedidas e os efectos das comunicacións previas que se concedan, terán un prazo de duración de cinco anos. Transcorridos os cales, o titular estará obrigado á retirada dos instrumentos autorizados, no prazo máximo dun mes desde o vencemento do prazo da autorización.

2. No entanto, con anterioridade ao vencemento do prazo de cinco anos, poderá o titular solicitar unha prórroga da autorización por prazos anuais.

3. A non concesión por causa xustificada de dita prórroga non dará dereito a indemnización de clase algunha a favor do titular

OITAVA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Cuarta:

A regulación de pantallas e soportes audiovisuais contida nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 9 da presente Ordenanza serán de aplicación en toda clase de solo coa excepción do ámbito do casco vello.

NOVENA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Quinta:

As instalacións publicitarias obxecto da presente Ordenanza tributarán conforme á Ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo naqueles supostos nos que concorran utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo do dominio público local.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá substituír o regulado na citada Ordenanza fiscal nº 30 polo establecemento dunha taxa específica pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para os seguintes supostos:

- a) accións publicitarias especiais tales como desenvolvemento de promocións, accións de comunicación ou campañas publicitarias de carácter comercial de determinadas marcas, produtos ou servizos, mediante prácticas mercadotécnicas en dito dominio público.
- b) exhibición de anuncios en valados e andamios que ocupen dominio público local.
- c) exhibición de anuncios en mobiliario urbano ou instalacións de titularidade municipal.
- d) ocupación do voo do dominio público local con instalacións de publicidade.
- e) ocupación especial de solo de dominio público local derivada de instalacións de publicidade luminosa.

DÉCIMA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Sexta

O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar a suspensión provisional do funcionamento destes soportes publicitarios no caso de entrar en conflito con calquera aspecto relativo ao desenvolvemento de actividades ou eventos de interese municipal (Campaña de Nadal, Entroido...)

Todas as actividades programadas comunicaranse cunha antelación mínima de 7 días, ben a través dun bando publicitario publicado nos medios locais, ben na páxina web do Concello , e, en todo caso, de maneira directa ás entidades afectadas. Así mesmo, no caso de eventos puntuais

convocados con pouca antelación, notificárase directamente ás entidades afectadas nun prazo de, como mínimo, 24 horas de antelación.

IV. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de Ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1)

Segundo o capítulo III do Título II da LRBRL art 25.2.b son competencias municipais, entre outras, a protección contra a contaminación lumínica das zonas urbanas.

O procedemento para a aprobación da Ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo publicado no BOP nº114 de 15/06/2016 e o seguinte:

1. Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local
2. Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando coma comisión informativa do Pleno en materia urbanística)
3. Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
4. Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e / ou suxerencias.
5. Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello de Vigo con pronunciamento sobre as reclamacións e / ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non presentar reclamacións e / ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial, coma así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 76 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente a 30/05/2016 (BOP nº114 de 15/06/2016), debéndose publicar no BOP o texto íntegro da Ordenanza.

Segundo o artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, foi sometida a consulta pública a través do portal web a presente modificación para recadar a opinión dos suxeitos e organizacións afectadas. A presente modificación axústase ao procedemento disposto no artigo 26 da lei da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

- PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza Municipal Reguladora da Publicidade Exterior no Concello de Vigo” publicada no BOP nº68 a 08/04/2003.
- SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.
- TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a



Concello de Vigo

publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidirán co seu superior criterio, o que estimen oportuno.

Con data 30/05/18 o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, por maioría, acorda elevar á Xunta de Goberno Local, o presente proxecto de modificación de ordenanza para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(667).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez